

# PSX

## PROGRAMA SIGAP-MANTS

Na Mesa Sectorial de hoxe 3 de xuño, e ante preguntas de **CCOO pola implantación “dun día para outro e sen ningún tipo de formación” da actualización do programa SIGAP**, o SERGAS dinos que:

- Son conscientes que houbo un problema por todas as incidencias que lles chegaron por distintas vías.
- Indican que enviaron un correo electrónico uns 15 días antes, a 1900 traballadores/as PSX, advertindo que desaparecería a versión anterior e aseguran que tamén mandaron o Manual de Uso da nova versión.
- Informan que están elaborando unha formación xeral, xa que a día de hoxe o persoal PSX manexa ben esta actualización.

**CCOO solicita unha formación práctica, directa e urxente** posto que os/as traballadores/as seguen con dificultades na actualidade, ademais de ser máis complicada esta nova actualización que a anterior.

**CCOO solicita que se atendan todas as incidencias que trasladan os/as PSX para mellorar o programa.** Dinos o SERGAS que o xeito de facelo son as chamadas individuais a “soporte” xa que así ven no mesmo momento que funciona mal ou non funciona e podería ser susceptible de cambiarse.

Para máis información, acode á túa delegada sindical de CCOO

3 de xuño do 2026